

D I T A M E

Ditame
5/06

sobre o anteproxecto de
Lei sobre o
Consello Agrario Galego



■ ANTECEDENTES

1.- En data 13 de xaneiro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, con trámite de urxencia, o borrador do anteproxecto de Lei sobre o Consello Agrario Galego.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº2: Sector público e benestar social, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, con data 13 de xaneiro, da entrada de solicitude de dictame.

3.- Nesa mesma data de 13 de xaneiro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº2 para o 16 de xaneiro, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 4/06, acorda aprobar por unanimidade a proposta de ditame, con data 26 de xaneiro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 1/06, do 6 de febreiro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar, por unanimidade, o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei sobre o Consello Agrario Galego.

■ ESTRUCTURA E CONTIDO

O anteproxecto de Lei sometido a ditame crea o Consello Agrario Galego, como órgano que asume e articula as relacións da Administración galega coas organizacións profesionais agrarias e ao mesmo tempo reconece o papel que estas cumpren na vertebración democrática do mundo rural e na formación de vontade dos órganos competentes en materia agraria da Comunidade Autónoma para un mellor desenvolvemento das competencias na materia.

O anteproxecto de Lei sometido a ditame de este Consello estrutúrase en seis artigos, catro disposicións adicionais e unha disposición derogatoria.

■ CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente a iniciativa lexislativa que se remite a ditame, ao mesmo tempo que considera salientable o amplo consenso que se acadou na súa redacción.

2.- O CES considera importante destacar o feito de que o anteproxecto de Lei sometido a ditame deste órgano consultivo veña acompañado da documentación das alegacións feitas, polos organismos afectados, ao citado anteproxecto, o que facilita a emisión de ditame por parte deste Consello.

■ CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O artigo 2 do anteproxecto de Lei sobre o Consello Agrario Galego regula o réxime xurídico do mesmo.

O CES entende que no apartado 1 do citado artigo 2, onde se especifica o réxime xurídico polo que se rexerá o Consello, debería incluírse tamén, dentro do marco normativo que rexirá ao Consello Agrario Galego, o desenvolvemento regulamentario da súa Lei de creación.

2.- O artigo 3 do Anteproxecto de Lei sometido a dltame determina as funcións do Consello Agrario Galego.

Co obxecto de non limitar as funcións que desenvolverá o citado Consello, o CES entende necesario que se eliminen da redacción do artigo 3 expresións restrictivas como as dúas seguintes:

“d) Recibir (...) aquelas políticas ou normativas sectoriais que afecten de xeito significativo ás condicións socioeconómicas dos habitantes do medio rural.”,

proponéndose a seguinte redacción:

“d) Recibir (...) aquelas políticas ou normativas sectoriais que afecten ás condicións socioeconómicas dos habitantes do medio rural.”

“f) A realización de informes sectoriais sobre a situación, evolución e perspectivas dos diferentes subsectores agrarios máis representativos.”,

proponéndose para este apartado a seguinte redacción:

“f) A realización de informes sectoriais sobre a situación, evolución e perspectivas dos diferentes subsectores agrarios.”

3.- O artigo 5 do anteproxecto de Lei sometido a ditame do CES regula o réxime de funcionamento do Consello Agrario Galego, concretando no seu apartado c) o prazo de convocatoria das reunións ordinarias.

O CES entende que no anteproxecto de Lei non se debería facer mención ao réxime de convocatorias, e remitir a regulación do mesmo ao regulamento de réxime interno.

4.- O artigo 5 do anteproxecto de Lei que se somete a ditame regula o réxime de funcionamento do Consello Agrario Galego. O apartado d) do citado artigo determina que *“Excepcionalmente, por solicitude de 8 dos seus membros, poderán convocarse dúas sesións extraordinarias anuais”*.

O CES considera que se debería modificar a redacción do citado apartado do seguinte xeito:

“Excepcionalmente, por solicitude de 8 membros, poderán convocarse sesións extraordinarias.”

5.- O artigo 6 do anteproxecto de Lei regula o nomeamento e mandato dos membros do Consello Agrario Galego.

O CES entende que se debería modificar o apartado 3 do citado artigo 6, de xeito que quede redactado como segue:

“3. O resto dos vogais ocuparán un cargo durante un máximo de cinco anos, sendo renovábel o seu mandato por períodos de idéntica duración, sen prexuízo do disposto para os casos de substitución acordados polas organizacións que propuxeron a súa designación”.

O apartado 4 do artigo 6 determina que o posterior regulamento do réxime interior do Consello detallará as causas que impliquen cese e substitución no cargo dos membros.

O CES considera que se debería incluír no articulado do anteproxecto de lei un artigo que determinase as causas taxadas de cese dos membros do Consello.

6.- A disposición adicional segunda do anteproxecto de Lei ditaminado regula a disolución das Cámaras Agrarias Provinciais. O **apartado 3** desta disposición adicional expón que “*(...) a Consellería do Medio Rural negociará, coas organizacións agrarias representadas no Consello Agrario Galego unha compensación ou a cesión en usufructo de locais e a súa dotación. (...)*”.

O CES entende que o parágrafo citado do apartado 3 da disposición adicional segunda debería redactarse do seguinte modo:

“(...) o Goberno galego acordará coas organizacións agrarias representadas no Consello Agrario Galego unha compensación ou cesión en usufructo de locais e a súa dotación. (...)”

7.- O CES entende que, en aras de clarificar a composición e funcionamento do Consello Agrario Galego, debería regularse neste anteproxecto de Lei, entre outros, aspectos tales como as funcións dos diferentes órganos de xestión do Consello e a composición dos mesmos.

8.- O CES entende necesario que se introduza no anteproxecto de Lei sobre o Consello Agrario Galego unha disposición adicional na que se regulen as asignacións por asistencias e outras compensacións que deban percibir os seus membros.

9.- O CES considera necesario que se regule, a través dunha disposición, a autorización á Xunta de Galicia para que, por proposta da Consellería do Medio Rural, promulgue as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente Lei.

10.- O CES considera que, dado que entre as funcións do Consello Agrario Galego está a de emitir ditames sobre a normativa de carácter xeral, o que podería solaparse coas funcións do propio Consello Económico e Social de Galicia, sería convinte engadir unha disposición final que podería ter a seguinte redacción:

***“As funcións do Consello Agrario Galego deixarán a salvo as atribuídas
ao Consello Económico e Social de Galicia pola súa normativa específica.”***

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2006

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

ANEXO

ANTEPROXECTO DE LEI SOBRE O CONSELLO AGRARIO GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recoñecemento do dereito de liberdade de asociación propiciou o comezo dun periodo no que os agricultores adoptaron diversas formas de organización representativa para a defensa dos seus intereses profesionais perante as institucións.

A Lei 23/1986, do 24 de decembro de Bases do Réxime Xurídico das Cámaras Agrarias, supuxo a creación de órganos de participación institucional do sector agrario, na súa vertente sindical. En desenvolvemento desa lei, aprobouse a Lei 1/2002, do 10 de xuño, pola que se refunde a normativa en materia de Cámaras Agrarias, en base á cal se convocaron as primeiras eleccións democráticas no agro galego, que determinou que segundo as porcentaxes de representatividade, ficasen como mais representativas das organizacións profesionais agrarias constituídas en Galiza: Xóvenes Agricultores, Unións Agrarias e Sindicato Labrego Galego. Malia ese avance na normalización democrática na representación sindical, constatouse a falta de operatividade e obsolescencia das Cámaras Agrarias, en boa parte motivada porque a súa concepción inicial estaba guiada por criterios que na actualidade xa foron superados.

O sector agrario en Galiza ten unha grande importancia económica e social, fundamental para a fixación de poboación no medio rural, polo que cómpre dotarse de órganos eficaces de participación institucional das organizacións profesionais agrarias, acorde coa evolución doutros órganos de participación social basados en estruturas funcionais máis áxiles na toma de decisións.

A presente Lei crea o Consello Agrario Galego, como órgano que asume e articula as relacións da Administración Galega coas organizacións profesionais agrarias e ao mesmo tempo recoñece o papel que estas cumpren na vertebración democrática do mundo rural e na formación de vontade dos órganos competentes en materia agraria da Comunidade Autónoma para un mellor desenvolvemento das competencias na materia.

Artigo 1. Obxecto.

1. Créase o Consello Agrario Galego como un órgano permanente de participación, asesoramento e consulta da Administración galega en materia agraria e desenvolvemento rural.
2. O Consello Agrario Galego quedará adscrito á Consellaría do Medio Rural.

Artigo 2. Réxime xurídico.

1. O Consello Agrario Galego rexirase de acordo co disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común respecto dos órganos colexiados, na súa lei de creación e no seu regulamento de réxime interior.
2. O regulamento de réxime interior do Consello Agrario Galego será aprobado polo Pleno por maioría absoluta dos seus membros, no prazo de 6 meses desde a súa constitución.

Artigo 3. Funcións.

Son funcións do Consello Agrario Galego:

- a) Crear o marco institucional axeitado para favorecer e impulsar a participación e colaboración dos representantes sindicais do agro en todos aqueles asuntos relativos ao sector agrario, así como impulsar o

diálogo, a participación e a colaboración entre as institucións, administracións e axentes sociais implicados, propiciando o intercambio de información e búsqueda de acordos daqueles asuntos de maior relevancia.

b) Analisar as políticas que afecten ao sector agrario no seu conxunto, así como contribuír ao seguimento dos planos e programas das políticas agrarias que teñan incidencia sobre o medio rural.

c) Emitir ditames sobre a normativa de carácter xeral da Consellaría do Medio Rural, así como dos planos e programas relativos á política agraria e desenvolvemento rural. Os ditames terán carácter preceptivo e non vinculante cando se trate de proxectos de Lei.

d) Recibir información dos Decretos da Consellaría con competencias en materia agraria e de desenvolvemento rural; informar, propór reformas, canalizar recomendacións e achegar suxestións a todas aquelas políticas ou normativas sectoriais que afecten de xeito significativo ás condicións socioeconómicas dos habitantes do medio rural.

e) Propór e asesorar ás Administracións Públicas sobre as medidas e accións que se estimen necesarias para mellorar o nivel de renda das explotacións agrarias e a calidade de vida da poboación adicada á actividade agraria.

f) A realización de informes sectoriais sobre a situación, evolución e perspectivas dos diferentes subsectores agrarios máis representativos.

g) Aqueloutras que lles sexan atribuídas por outras disposicións específicas.

Artigo 4. Composición.

O Consello Agrario Galego estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidente ou Presidenta: O Conselleiro ou Conselleira competente en materia de agricultura, gandaría e desenvolvemento rural.

b) Vicepresidente ou Vicepresidenta: Secretario ou Secretaria Xeral da Consellaría competente en materia de agricultura, gandaría e desenvolvemento rural.

c) Cinco vogais en representación da Consellaría competente en materia de agricultura, gandaría e desenvolvemento rural.

d) Cinco vogais en representación das Consellarías competentes en materia de benestar social, medio ambiente, política territorial, industria e sanidade.

e) Doce vogais en representación das organizacións agrarias máis representativas de Galiza.

f) Un Secretario ou Secretaria que asistirá sen voto designado polo Presidente do Consello Agrario Galego entre os funcionarios ou funcionarias do Servizo Xurídico da Consellaría.

Artigo 5. Réxime de funcionamento.

O Pleno do Consello Agrario Galego aprobará no seu regulamento de réxime interior as normas de funcionamento do Consello de acordo cos seguintes criterios:

a) O Consello actuará ordinariamente en Pleno, que estará constituído por todos os seus membros e que se reunirá, como mínimo, catro veces ao ano. Regularase o réxime de suplencias dos membros,

b) Por acordo do Pleno do Consello poderánse crear outros órganos de xestión dentro do mesmo, así como comisións para abordar análises e estudos de temas concretos.

c) O Presidente convocará as reunións ordinarias do Consello con polo menos quince días de antelación. Así mesmo poderá convocar reunións de carácter extraordinario en casos de urxencia xustificada a iniciativa propia, doutros órganos de xestión que regulamentariamente se determinen ou por solicitude da metade dos seus membros.

d) Excepcionalmente, por solicitude de 8 dos seus membros, poderán convocarse dúas sesións extraordinarias anuais.

Artigo 6. Nomeamento e mandato.

1. O nomeamento dos vogais e dos demais integrantes do Consello Agrario Galego realizarase polo Conselleiro do Medio Rural, logo da designación dos representantes polos titulares de cada Consellaría e da proposta polas organizacións profesionais agrarias.

2. O mandato do Presidente, Vicepresidente e dos Vogais que o sexan como consecuencia do cargo que

ostenta, rematará cando deixen de ocupar o cargo do que deriva o seu nomeamento.

3. O resto de vogais ocupará un cargo durante un máximo de cinco anos sendo renovábel o seu mandato por períodos de idéntica duración, sen prexuízo do disposto para os casos de substitución e da posibilidade de suplencia.

4. Ademais do previsto neste artigo, o regulamento do réxime interior do Consello detallará as restantes causas que impliquen o cese e substitución o cargo nos membros do Consello.

Disposición Adicional Primeira

O Pleno do Consello Agrario Galego, por maioría absoluta, emitirá ditame preceptivo e vinculante sobre o procedemento para regular procesos electorais de cara a establecer a representatividade das organizacións profesionais agrarias no futuro.

Disposición Adicional Segunda. Disolución das Cámaras Agrarias Provinciais.

1. Á entrada en vigor da presente Lei quedan disoltas as Cámaras Agrarias Provinciais. A Consellaría do Medio Rural prestará apoio técnico e xurídico ás Cámaras Agrarias Provinciais a fin de coordinar o proceso de disolución.

2. De acordo co previsto na disposición adicional única da Lei 18/2005, do 30 de setembro, pola que se derroga a Lei 23/1986, do 24 de decembro, o patrimonio das Cámaras Agrarias Provinciais integrarase no Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galiza quedando adscrito á Consellaría do Medio Rural.

3. Logo da desafectación, de ser precisa, e posíbel alleamento de patrimonio das Cámaras Agrarias Provinciais, a Consellaría do Medio Rural negociará, coas organizacións agrarias representadas no Consello Agrario Galego unha compensación ou a cesión en usufruto de locais e a súa dotación. Así mesmo, con esa mesma finalidade poderase ter en conta tamén o patrimonio das Cámaras Agrarias Locais que na data de entrada en vigor da presente Lei non fosen cedidos nin revertidos ás entidades locais ou ás entidades privadas conforme ao disposto na disposición adicional sétima da Lei 11/1995, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para 1996.

Disposición Adicional Terceira.

Aos efectos do disposto no apartado e) do artigo 4, terán a consideración de organizacións profesionais agrarias máis representativas aquelas que concorriron ás eleccións a Cámaras Agrarias celebradas o 26 de maio de 2002 e atinxiron unha porcentaxe de votos superior ao 15 por 100, distribuíndose os vogais de forma paritaria entre todas elas.

Disposición Adicional Cuarta.

No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei procederase á constitución do Consello Agrario Galego.

Disposición Derrogatoria.

Fican derogadas todas as disposicións que contraveñan o disposto na presente lei e dun xeito específico a Lei 1/2002, do 10 de xuño, pola que se refunde a normativa en materia de Cámaras Agrarias.

